

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE XANEIRO DE 2023

Ás 10:00 horas do día 27 de xaneiro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 24 de xaneiro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 2a, 4a, 9b, 9c, 10b e 10c)
D. Jesús Núñez Torrón, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 5a e 6a)
D^a. María Jesús Magdalena Vilas, directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada (asiste aos puntos 9a e 10a)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1373-441) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 20 de xaneiro de 2023, o 23 de xaneiro do mesmo ano, concedeuse un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:41	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A943-CCDB3A-31EHEC-2JRMP2-75ZCTC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.: en concreto debía achegar un novo Anexo III firmado dixitalmente polo representante de TK ELEVADORES, S.L.U., que concorre como terceiro aportando a súa solvencia, xa que o Anexo III achegado estaba firmado dixitalmente polo representante de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e de xeito manuscrito polo representante de TK ELEVADORES, S.L.U.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: en concreto debía achegar un novo Anexo II no que figurara o compromiso de cumprir o plan antifraude do Concello de Vigo, tal e como figura no modelo incluído no PCAP do presente procedemento.

Ambos licitadores presentan a documentación requirida en prazo e, logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 - XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a NORFORMACIÓN S.L. para o lote 3 "Escrita creativa" por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:41	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A943-CCDB3A-31EHEC-2JRMP2-75ZCTC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de formación e dinamización en lingua e cultura galegas (3120-334).

Segundo.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 27 de xaneiro de 2023, comprobou que non hai licitadores presentados a este procedemento para o lote 1: "Formación en lingua galega" e o lote 2: "Formación en lingua e cultura galegas" segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non hai licitadores presentados no lote 1: "Formación en lingua galega" e no lote 2: "Formación en lingua e cultura galegas" deste procedemento, procede declarar desertos os mesmos.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334) – Lote 1: "Formación en lingua galega" e Lote 2: "Formación en lingua e cultura galegas" por non terse presentado ningún licitador en ningún deles tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:41	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A943-CCDB3A-31EHEC-2JRMP2-75ZCTC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1373-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 24 de novembro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" e o informe que corrixe o anterior de data 26 de xaneiro de 2023 asinado polo xefe da Área de Benestar Social.

A Mesa acepta este segundo informe e acorda excluír deste procedemento a NASCOR FORMACIÓN, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP ("Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o limiar mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 20 puntos").

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:41	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A943-CCDB3A-31EHEC-2JRMP2-75ZCTC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

LOTE I

	Licitador	Porcentaxe de desconto sobre prezo unitario (sen IVE) de hora de monitor	Compromiso valoración da calidade do servizo (si/non)
1	FITCIONES	0,5 %	SI
2	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	20,44 %	SI
3	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	5,10 %	SI

LOTE III

	Licitador	Porcentaxe de desconto sobre prezo unitario (sen IVE) do quilómetro
1	AUTOCARES IGLESIAS, S.L.	3,00 %
2	AUTOMOVILES DE TUY, S.A.	2,60 %
3	AUTOS GONZALEZ, S.L.	15,40 %
4	EMPRESA VIUDA DE J. DOMINGUEZ, S.L.	3,16 %

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:41	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A943-CCDB3A-31EHEC-2JRMP2-75ZCTC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2893-500)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Administración Especial/Economista, a xefa da Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada o 24 de xaneiro de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1326-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 24 de xaneiro de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación da execución das obras do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat (1296-441)

Retírase o asunto da orde do día

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2893-500)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:41	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A943-CCDB3A-31EHEC-2JRMP2-75ZCTC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2893-500) para os lotes A e B na seguinte orde descendente:

LOTE A

CLASIFICACIÓN	LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	91,94
2ª	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.	90,98
3ª	EIBISA NORTE, S.L.	82,25

LOTE B

CLASIFICACIÓN	LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	91,94
2ª	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.	91,11
3ª	EIBISA NORTE, S.L.	82,25

Segundo.- En base ao establecido no apartado 2.D do Anexo I –FEC- do PCAP que indica que "a licitadora que obtivera a máxima puntuación en ámbolos dous lotes será adxudicataria do lote da súa preferencia, resultando adxudicataria do lote restante a licitadora que obtivera a segunda mellor puntuación no mesmo":

- 1.º. Requerir a licitadora clasificada, en ambos lotes, en primeiro lugar, LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. (B33473489) que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):
 1. Declaración asinada dixitalmente polo seu representante, con poder ao efecto, no que indique o lote da súa preferencia.
 2. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- 2.º. Requerir a licitadora clasificada en segundo lugar, en ambos lotes, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. (B96067400), para que presenten, asemade, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):
 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1326-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1326-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,14
2	UTE CIVISGLOBAL, S.L.U. - AVAN INTEGRAL, S.L.	92,23
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B36746584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

c) Procedemento aberto para a contratación da execución das obras do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat (1296-441)

Retírase o asunto da orde do día.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:48 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:41	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A943-CCDB3A-31EHEC-2JRMP2-75ZCTC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		